



veciñanza

nota de prensa

## Veciñanza esíxelle ao Alcalde de Cuntis que lle demande a Augas de Galicia os resultados do tratamento con eucalipto no encoro do Umia

---

*Cunha nova alerta por contaminación no encoro do Umia, o Goberno Municipal mantén a súa particular indiferenza ante o maior problema mediambiental da comarca. Logo de aprobarse a moción de Veciñanza en marzo de 2016 para a esixencia de responsabilidades a Augas de Galicia, nada se sabe dun tratamento que custou máis de 382.000 euros..*

---

Cuntis, 18 de xullo de 2017. Unha vez máis e como consecuencia da contaminación da auga encorada no Umia, a Xunta de Galicia viuse a comezos deste mes de xullo na obriga de **decretar o estado de alerta pola floración da bacteria tóxica *microcistina***. Este problema de contaminación vén sendo unha constante cada vez que se conxugan as condicións meteorolóxicas que favorecen a aparición da alga que tingue de verde a superficie da auga. Segundo os datos do Sistema de Información Ambiental da Xunta (SIAM), o mes de xullo comezou con máis do dobre de células por mililitro de auga (4500) que o nivel mínimo da alerta (2000).

A Xunta de Galicia incluíu no misterioso Plan Umia un tratamento experimental con codia de eucalipto que se iniciou no ano 2011. A día de hoxe o Goberno Galego segue sen publicar os datos oficiais deste tratamento, nin da súa evolución, nin nada novo arredor deste **experimento que tivo unha licitación inicial de máis de 382.000 euros**.

O 31 de marzo de 2016 aprobábase no Pleno Municipal de Cuntis unha moción impulsada por Veciñanza na que, entre outras cousas, se instaba ao Goberno Local a esixirlle responsabilidades a Augas de Galicia polo incumprimento do Plan Umia e **a esixir os resultados do tratamento con codia de eucalipto**. Descoñecemos cales foron as xestións do Sr. Alcalde a este respecto pero o certo é que **máis dun ano despois seguimos sen coñecer nada** máis do asunto, e o Goberno Local mantén a súa máis absoluta **indiferenza** ante o que seguramente sexa o problema medioambiental máis grave da comarca, que por suposto tamén nos afecta en Cuntis.

Veciñanza insta unha vez máis ao Alcalde de Cuntis, Manuel Campos, a considerar a contaminación do encoro do Umia como un problema de primeira orde. Para isto é





veciñanza

## nota de prensa

imprescindible comezar por esixirle a Augas de Galicia os resultados do tratamento con eucalipto para **non ser cómplice do Decreto de Abandono que a Xunta ditou contra o encoro do Umia**. Se as condicións climáticas do verán non mudan, os niveis de contaminación poden bater marcas e resultar verdadeiramente preocupantes.

